

Premio: VIII Premio de ensaio “Manuel Murguía”

Organismo: Deputación Provincial da Coruña

Participantes: Poderán optar ao premio todos os autores de calquera nacionalidade, que non fosen premiados nas tres edicións anteriores, e que presenten ensaios de carácter histórico, referidos ou relacionados con Galicia, inéditos e non premiados con anterioridade.

Premio: O premio é único e indivisibe, e está dotado coa cantidade de 6.500 €, estando incluídos nesta cantidade todos os impostos que lle sexan aplicabeis.

A Deputación publicará a obra premiada, reservándose durante un prazo de dezaioito meses os dereitos da súa edición e entregará ao gañador trinta exemplares.

Requisitos das obras: Os traballos farán referencia a calquera aspecto da Comunidade Autónoma de Galicia, podendo abarcar calquera período da historia.

A extensión dos textos será libre e serán enviados por duplicado, en exemplares separados, en tamaño DIN A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados.

Os orixinais serán presentados baixo un título e un lema, achegados de plica na que conste o título e o lema no seu exterior e contendo no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono.

Prazo e lugar da presentación: O prazo de admisión de orixinais finaliza o día 15 de abril de dous mil dez, e deberán ser enviados á Deputación da Coruña, Avda. Alférez Provisional 2, 15006 A Coruña, indicando no sobre “VIII Premio de ensaio Manuel Murguía”.

Publicación: BOP nº 34, 22 de febrero de 2010

Máis Información (Anexos):

http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2010/02/22/bop_34.pdf#page=155

Deputación da Coruña: Alférez Provisional nº 2, 15006 A Coruña. Tfno: 981 080300